


poesia cativa  
vol. 1: os animais





Samuel L. Paris  
poesía cativa. vol. 1: os animais  
<http://pararaparis.wordpress.com>

poesía cativa. vol. I: os animais



ándalle na chalana  
o merlo ao salmón  
ándalle na saia  
o sapo ao saltón

ándalle nas ás  
a gaivota ao avión  
ándalle na melena  
o tigre ao león

andan todos  
desde que sae o sol  
molestando aos outros  
tocando os collóns

xirafa xirafiña  
por que tes o pescozo  
tan longo?

para lamberma  
puto sapoconcho

sapoconcho sapoconchiño  
quen son teus pais?

un sapo e unha vieira

sapoconcho sapoconchiño

que?

la concha de tu madre!

a pobre xoaniña  
non ten quen a queira  
disque un vagalume  
lle foi facer as beiras

a pobre xoaniña  
estavos moi ben soa  
o vagalume é un papahostias  
e parece non ter avoa

a pobre xoaniña  
loita contra o patriarcado  
arrincoulle os ollos ao vagalume  
este conto está rematado



o corzo  
o tataracorzo  
xa non quere ir pastar

o corzo  
o tataracorzo  
só quere ir bailar

o corzo  
o tataracorzo  
baila pogo no seu bar

o corzo  
o tataracorzo  
perro cristo de animal

disque lle dixo  
o golfiño ao arroaz  
a ver quen é  
máis veloz ao nadar

disque lle dixo  
o arroaz ao golfiño  
vai ti indo  
que non vexo camiño

disque os dous  
alí os estaban  
mamados perdidos  
que trompa levaban!

vivían a londra  
e mais o miñado  
no alto dun piñeiro  
que era ben alto

resulta que a londra  
da árbore caeu  
escoñouse viva  
e aos dous días morreu

a cocacola  
e mais o viño  
mesturou o moucho  
con moito tino

e resulta que  
inventou o calimoucho  
e foino bebendo  
pouco a pouco

agora o moucho  
ten cirrose  
está hospitalizado  
a quen se lle conte!

un dous

espertan as pitas

tres catro

esperta o galo

cinco seis

as pitas cantan

sete oito

o galo suicídase

nove dez

as pitas arrepiñense da súa actitude co galo

o certo é que non xogaron limpo

porque o galo realmente é que era quen viña cantando todas as mañás

e roubarlle ese mínimo protagonismo

foi un golpe baixo

once doce

morreu o galo

morreu o conto

o cabalo non ten facebook  
o cabalo non ten twitter  
o pony ten tuenti  
e ti rite rite

o cabalo non ten google plus  
o cabalo non ten badoo  
o pony ten fotolog  
e ti toma polo cu

todo o barrio está namorado  
do fillo maior do ourizo  
pero el vive con outro ourizo  
metidos nun pequeno piso

todo o barrio está namorado  
do fillo do ourizo máis vello  
pero el vive con outro ourizo  
nun piso do casco vello

todo o barrio está namorado  
do primoxénito do ourizo  
e el di que non quere máis  
que estar co seu mozo ourizo

se querías ser cascarrubia  
tres cousas deberías saber  
    que unha cascarrubia  
        ten casca  
    que unha cascarrubia  
        é rubia  
    que unha cascarrubia  
        baila baixo a chuvia